



DATOS IDENTIFICATIVOS

Teoría e historia da comunicación

Materia	Teoría e historia da comunicación			
Código	P04G070V01204			
Titulación	Grao en Comunicación Audiovisual			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	1	2c
Lingua de impartición				
Departamento	Psicoloxía evolutiva e comunicación			
Coordinador/a	Roman Portas, Maria Mercedes			
Profesorado	Roman Portas, Maria Mercedes			
Correo-e	mroman@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral				

Competencias de titulación

Código				
A1	Coñecemento e aplicación das técnicas e procesos de produción e difusión audiovisuais nas súas diversas fases, desde o punto de vista da organización e xestión dos recursos técnicos, humanos e orzamentarios nos seus diversos soportes (cine, TV, vídeo, multimedia, etc.), ata a súa comercialización			
A6	Coñecemento da realidade político-social do mundo na era da comunicación global			
A9	Coñecemento, identificación e aplicación de recursos, elementos, métodos e procedementos dos procesos de construción e análise dos relatos audiovisuais tanto lineais como non lineais			
A13	Coñecemento da imaxe espacial e das representacións icónicas no espazo, tanto na imaxe fixa como audiovisual, así como os elementos constitutivos da dirección artística. Estes coñecementos tamén envolven as relacións entre imaxes e sons desde o punto de vista estético e narrativo nos diferentes soportes e tecnoloxías audiovisuais. Tamén se inclúen os coñecementos dos modelos psicolóxicos especificamente desenvolvidos para a comunicación visual e a persuasión a través da imaxe			
A27	Capacidade para analizar relatos audiovisuais, atendendo aos parámetros básicos da análise de obras audiovisuais, considerando as mensaxes icónicas como textos e produtos das condicións sociopolíticas e culturais dunha época histórica determinada			
B2	Capacidade de traballo en equipo e de comunicación das propias ideas mediante a creación dun ambiente propicio, así como capacidade para integrarse nun proxecto común encamiñado á obtención de resultados			
B3	Capacidade para asumir riscos: capacidade para asumir riscos expresivos e temáticos, aplicando solucións e puntos de vista persoais no desenvolvemento dos proxectos			
B4	Toma de decisións: capacidade para acertar ao elixir en situacións de incerteza, asumindo responsabilidades			
B5	Práctica sistemática de autoavaliación crítica de resultados: valoración da importancia de corrixir e axustar constantemente os erros cometidos nos procesos creativos ou organizativos			
B7	Conciencia solidaria: respecto solidario polas diferentes persoas e pobos do planeta, polos valores universais de educación, cultura, paz e xustiza, e polos dereitos humanos, a igualdade de oportunidades e a non discriminación de mulleres e persoas con discapacidade			

Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
1. Coñecemento da historia e evolución dos medios de comunicación colectiva, ademais da súa relevancia social e cultural ao longo do tempo. Coñecemento teórico e práctico da comunicación e da comunicación colectiva.	A1
2. Coñecemento da relación existente entre a evolución da sociedade no mundo contemporáneo e o ámbito da comunicación.	A6

3. Coñecemento das características esenciais da comunicación, os seus elementos e os seus resultados. Coñecemento científico da comunicación como realidade e como campo de estudo.	A9
4. Capacidade de describir e diagnosticar as cuestións fundamentais da comunicación na sociedade actual.	A13
5. Capacidade para conseguir unha visión analítica e reflexiva.	A27
6. Capacidade para traballar en equipo.	B2
7. Capacidade para asumir riscos.	B3
8. Capacidade para acertar ao elixir en situacións de incerteza, asumindo responsabilidades.	B4
9. Valoración da importancia de corrixir e axustar constantemente os erros cometidos nos procesos creativos ou organizacións.	B5
10. Conciencia solidaria: respecto solidario polas persoas e civilizacións do planeta. Coñecemento das grandes correntes culturais en relación cos valores individuais e colectivos e respecto polos dereitos humanos.	B7

Contidos

Tema	
Parte I: Teoría da comunicación.	Principios xerais.
Parte II: Teoría da información.	I. 1. Elementos subxectivos. II. 2. Elementos obxectivos. II. 3. Teorías sobre os efectos da comunicación.
Parte III: Historia da comunicación.	Principais etapas no desenvolvemento da historia da comunicación.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Traballos de aula	15	0	15
Seminarios	15	0	15
Presentacións/exposicións	3	3	6
Traballos tutelados	0	95	95
Sesión maxistral	15	0	15
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	2	0	2
Probas de resposta curta	2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Traballos de aula	Realizaranse nas horas de prácticas. Traballaranse e debateranse artigos relacionados co programa da materia. Organizaranse grupos duns cinco alumnos para que, por quendas, expoñan as súas conclusións sobre o artigo correspondente e os demais grupos poidan comentalas.
Seminarios	Actividades enfocadas ao traballo sobre un tema específico, que permiten afondar ou complementar os contidos da materia.
Presentacións/exposicións	Exposición por parte do alumnado ante o docente e un grupo de estudantes dos traballos especificados ao inicio do curso.
Traballos tutelados	Actividade autónoma dos estudantes que inclúe a busca e recollida de información, lectura e manexo de bibliografía, redacción, etc. Estudo da materia.
Sesión maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, as bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto que deberá desenvolver o estudante.

Atención personalizada

Avaliación

	Descrición	Cualificación
Traballos de aula	Observación sistemática. Técnicas destinadas a recompilar datos sobre a participación do alumno, baseados nun listado de condutas ou criterios operativos que faciliten a obtención de datos cuantificables.	10
Seminarios	Asistencia.	10
Presentacións/exposicións	O estudante presenta o resultado obtido nos traballos que se teñen realizado nos seminarios. O traballo presentarase en grupo de maneira oral.	10
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	Exame para avaliar os coñecementos das sesións maxistras.	50
Probas de resposta curta	Exame para avaliar os coñecementos da I e III parte do temario. Proporanse dous libros para a preparación destas dúas probas.	20

Outros comentarios sobre a Avaliación

Bibliografía. Fontes de información

Manuel Martín Algarra, **Teoría de la comunicación: una propuesta**, 2003,

María Arroyo y Marta Roel (coord.), **Los medios de comunicación en la democracia (1982-2005)**, 2006,

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Teoría e historia dos xéneros audiovisuais/P04G070V01305

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Comunicación: Teorías da imaxe/P04G070V01105
